



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 30 DE XUÑO DO 2016.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)

D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D^a. NOELIA RODRIGUEZ

TRAVIESO (PSOE)

D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)

D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)

D. JACOBO GARCIA SOTO (B.N.G.)

D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ

(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)

D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ

(CxG-CCTT)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día trinta de xuño de 2016 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON AS DO 26 E 30 DE MAIO PASADO (ORDINARIA E EXTRAORDINARIA RESPECTIVAMENTE).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección as actas do 26 e 30 de maio de 2016 (ordinaria e extraordinaria respectivamente), ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 02 de maio; dúas, unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de maio; unha, sobre aboamentos..

Do 20 de maio; unha, sobre aboamentos..

Do 23 de maio; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de maio, tres; unha sobre reposición legalidade urbanística; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de maio; dúas; sobre aboamentos.

Do 26 de maio; sete; unha, sobre concesión servizo xantar na casa; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre contratación persoal para grupo de emerxencias supramunicipais; unha , sobre expedición tarxeta estacionamento; dúas, sobre aboamentos.

Do 27 de maio; dúas; unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos..

Do 30 de maio, nove; unha, sobre reposición legalidade urbanística; unha, sobre prórroga licenza obras; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

arquivo de expediente; unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obra.; unha, sobre execución obras; tres, sobre aboamentos.

Do 31 de maio, dez; unha, sobre inscrición no Padrón habitantes de persoas varias; . dúas, sobre concesión servizo cantar na casa; dúas, sobre orde execución obras urbanística; unha, sobre eficacia comunicacioón previa obras; catro, sobre aboamentos.

Do 01 de xuño; catro; unha, sobre reposición legalidade urbanística; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 02 de xuño; tres, unha, sobre contratación persoal para oficina turismo; dúas, sobre aboamentos.

Do 03 de xuño; dúas; unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de xuño; dúas; unha sobre concesión permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

Do 07 de xuño; cinco, unha sobre concesión de vacacións; unha, sobre arquivo de expediente; tres sobre aboamentos.

Do 08 de xuño; cinco, unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión permiso por matrimonio; catro, sobre aboamentos.

Do 09 de xuño; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de xuño; dúas, unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de xuño; catro; unha, sobre cambio de vacacións; unha, sobre cambio de nome en expediente administrativo; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre reclamacións en materia de solicitudes de fraccionamentos de pago.

Do 13 de xuño, dúas, sobre aboamentos.

Do 14 de xuño; cinco; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 15 de xuño, catro; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 16 de xuño, oito; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre suspensión execución ; unha, sobre contratación persoal; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 17 de xuño, catro; unha sobre valoración méritos operario instalación deportivas; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre arquivo de expediente; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de xuño; dúas; unha, sobre cambio prazo inicio obras; unha, sobre eficacia comunicacion previa obras.

Do 20 de xuño; sete; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre arquivo de expedientes; unha, sobre concesión vacacións; tres, sobre aboamentos.

Do 21 de xuño; seis; unha, sobre tarxeta estacionamento; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre valoración méritos oficial instalacións deportivas; unha, sobre horario instalación deportivas municipais; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de xuño; tres; unha sobre permiso por asistencia a proba selectiva; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de xuño; tres; unha, sobre permiso por asistencia a proba selectiva; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 27 de xuño, dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xuño; dúas; unha, unha , sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre devolución de aval.

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DE MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 27 de xuño de 2016, co seguinte tenor literal:" Don Javier Iglesias Sendín, Presidente efectivo da Comisión, da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"**DON JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ, ALCALDE DO CONCELLO DE RIBADAVIA**, en relación coa Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de vehículos de tracción mecánica, ten a ben a propoñer ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de vehículos de tracción mecánica, de acordo co texto que obra no expediente.

SEGUNDO.- De acordo co establecido no artigo 17.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o presente Acordo provisional, así como o texto da Ordenanza fiscal anexa ó mesmo, expóranse ó público no taboleiro de anuncios deste



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Concello durante un periodo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio de exposición, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno".

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reserváanse para o Pleno os membros do B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Comun.- Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminado favorablemente a referida proposta".

Intervén o Sr. Vázquez López, para sinalar que esta proposta trae causa dunha moción presentada no seu momento polo seu grupo; dí que tratase de beneficiar os veciños que teñan coches antigos e en segundo lugar se se pode tratar de fixar poboación co aumento do padrón de habitantes.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que sendo boa a iniciativa, o seu grupo non vai a votar a prol xa que significa unha diminución nas arcas municipais.

Intervén o Sr. Garcia Soto, para incidir no manifestado polo Sr. Fidalgo Martinez e sinala que esta medida non influirá no aumento do padron de habitantes, anunciando o seu voto en contra.

O Sr. Fernández Gil intervén para anunciar o seu voto a prol da proposta en base a que a medida será positiva para un colectivo de veciños, que o impacto económico e pequeno, sendo esta medida que xa está implantada en numerosos concellos.

O Sr. Iglesias Sendin, sinala que esta medida ven por unha proposta do concelleiro de Compromiso por Galicia, que é algo que xa se estudiou anteriormente, sinalando que é unha medida que beneficia os veciños e pode contribuir a fixar poboación, polo que van a votar a prol da mesma.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, once (P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, dous (B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Por conseguinte, por maioría absoluta fica aprobada a proposta transcrita.

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS SEGUINTE ORDENANZAS FISCAIS:

A) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTOS DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA, RUSTICA E BENS DE CARACTERISTICAS ESPECIAIS.-

B) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTOS DE ACTIVIDADES ECONOMICAS.-



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

C) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 27 de xuño de 2016, co seguinte tenor literal:" Don Javier Iglesias Sendín, Presidente efectivo da Comisión, da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"**DON JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ, ALCALDE DO CONCELLO DE RIBADAVIA**, en relación con varias ordenanzas fiscais, ten a ben a propoñer ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Modificar as Ordenanzas reguladoras que se citan de seguido, de acordo co texto que obra no expediente:

- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles de natureza Urbana, Rústica e de características especiais.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa de recollida de lixo.

SEGUNDO.- De acordo co establecido no artigo 17.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o presente Acordo provisional, así como o texto das Ordenanzas fiscais anexas ó mesmo, expóranse ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante un período de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio de exposición, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reserváanse para o Pleno os membros do B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Comun.- Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminado favorablemente a referida proposta".

Intervén o Sr. Vázquez López, para manifestar a súa conformidade coa proposta presentada.

O Sr. Fidalgo Martínez dí que esta medida vai a beneficiar a cidadanía e non vai a menoscar os ingresos do Concello, polo que anuncia o seu voto a prol.

O Sr. Garcia Soto, sinala que todo o que sexa beneficiar e darlle facilidade os veciños parcelle ben e polo tanto vaine a apoiar.

O Sr. Fernández Gil, intervén para dicir que esta proposta trae causa nunha moción presentada polo seu grupo, dí que se alegra que se execute a proposta aprobada polo Pleno, sinalando que coa mesma o que se pretende e darlle facilidade os veciños para



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

pagar os impostos e por outra banda mellorar a recadación, xa que para fraccionar debese domiciliar o recibo.

O Sr. Iglesias Sendin dí que é unha medida boa para os veciños xa que van a ter máis facilidades a hora de cumprir coas súas obrigas tributarias.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

5.- APROBACION, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2015.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de data 21 de abril de 2016, co seguinte tenor literal:" Don Javier Iglesias Sendín, Presidente efectivo da Comisión, da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"D. José Ignacio Gómez Pérez, Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia en relación co expediente de tramitación da Conta Xeral do exercicio de 2015 propón á Comisión Informativa de Facenda e especial de Contas que acade o seguinte dictame:

DICTAME DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2015.

A intervención formou a conta xeral correspondente o exercicio de 2015, de acordo co disposto no titulo IV da Instrucción de contabilidade local (Módulo Normal) do 23 de Novembro de 2004, que está integrada exclusivamente pola do Concello de Ribadavia.

A Comisión especial de Contas e informativa de Facenda, considerando que constan no expediente tódolos documentos esixidos pola lexislación vixente informa favorablemente a referida conta, e que se poña de manifesto ó público polo prazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis, igualmente hábiles, os interesados poidan presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes de conformidade co artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.Ribadavia, a 15 de abril de 2016".

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, despois de facer unha breve explicación sobre o resultado presupostario do ano 2015, somete a votación ordinaria o dictame da Conta Xeral de 2015, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstención, catro (P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Por conseguinte, por maioría, fica dictaminada favorablemente a devandita Conta Xeral, a cál poñerase de manifesto ó público polo prazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis, igualmente hábiles, os interesados poidan presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes de conformidade co artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais".

O Sr. Vázquez López anuncia o seu voto a prol da aprobación da Conta Xeral, indicando que se está a cumprir a normativa contable.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Fidalgo Martínez, Garcia Soto e Fernández Gil, anuncian a abstención dos seus respectivos grupos neste tema.

O Sr. Iglesias Sendin intervéen para sinalar que a conta xeral reflexe os movementos contables do exercicio correspondente, entende que se cumpren todos os requisitos legais, por elo van a votar a prol da mesma.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da Conta Xeral 2015, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E., e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, sete (P.P., B.N.G. E Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría fica aprobada a Conta Xeral 2015.

6.- APROBACION SE PROCEDE DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS Nº 2/2016.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 27 de xuño de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para explicar o contido do expediente de modificación de créditos; dí que Concello recibiu a concesión de varias subvencións se ben ten que aportar o 20% do proxecto para o cál faise necesario a tramitación deste expediente; sinala que os proxectos son a "Mellora do vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de San Cristovo" e a " Mellora da eficiencia enerxética na rede de alumeadado público no parque empresarial de Ribadavia", para o cál faise necesaria unha aportación municipal de 24.252,08 e 5.737,12 euros respectivamente. Por iso, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobación de expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 2/2016, por importe de 29.989,2 euros, de acordo co tenor que se acha no expediente.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reserváense para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Comun.- Por conseguinte por maioría fica ditaminado favorablemente o expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 2/2016".

O Sr. Vázquez López manifesta a súa conformidade co expediente, sinalando que se tratan de actuacións que serán beneficiosas para o pobo e os veciños.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que lle parece xusto e necesario, tratase dunha boa noticia xa que ditas infraestructuras necesitan unha mellora sustancial, que o expediente esta avalado pola intervención polo que o seu grupo vai a votar a prol.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. García Soto, intervén que está e a segunda modificación que se trae dende a aprobación dos orzamentos, cuestión esta que lle ven a dar a razón o que manifestou cando se aprobaron os mesmos, ante esta falta de previsión o seu grupo vai a votar en contra.

O Sr. Fernández Gil, intervención para anunciar o voto a prol do seu grupo, xa que o concello debe cofinanciar determinadas subvencións concedidas por outras administracións.

O Sr. Iglesias Sendin, agradece o apoio dos grupos, dí que é a segunda modificación se ben non vai a ser a derradeira, indicando que cando se elaboraron os orzamentos non se tiña coñecemento das subvencións que nos ían a conceder, cuestión pola que non se puido contemplar nos mesmos; finaliza dicindo que é unha boa nova a execución destas inversións.

O Sr. Alcalde intervén para reiterar que non será a derradeira modificación anunciando que nos vindeiros días habera noticias sobre unha obra para o casco histórico e sobre un obradoiro de emprego; non entende o posicionamento do voceiro do grupo municipal do B.N.G., se ben aproveita de novo a ocasión para invitalo a participar no goberno, indicandolle que ten as portas abertas a colaborar.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, doce (P.S.O.E., P.P., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, unha (B.N.G.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobado o expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 2/2016, por importe de 29.989,2 euros, de acordo co tenor que se acha no expediente.

7.- APROBACION, SE PROCEDE, DA PRORROGA DO CONTRATO DA CONCESION DO SERVICIO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 27 de xuño de 2016, co seguinte tenor literal:" Don Javier Iglesias Sendín, Presidente efectivo da Comisión, da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" Con data 30.07.1995 o Concello de Ribadavia formalizou a concesión administrativa de xestión integral do Servizo municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Ribadavia coa empresa "Técnica de Depuración S.A." (actualmente F.C.C-Aqualia).

Dito contrato rixese polo Prego de condicións Económico-administrativas do concurso para a concesión da xestión integral do Servizo municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Ribadavia, aprobadas polo Pleno deste Concello con data 28.12.1995.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Con data 29 de xuño de 2015, a Xunta de Goberno Local, adoptou co obxecto de evitar a prórroga automática da concesión prevista no Prego de Condicións aprobado polo Pleno do Concello con data 28.12.1995, dentro do prazo conferido o efecto, expresamente como data de finalización da concesión o 30 de xullo de 2016.

Con data 07.06.2016, Aqualia presentou no Concello escrito relativo a finalización de concesión administrativa da Xestión integral do Servicio Municipal de Abastecemento, Saneamento e Depuración co Concello de Ribadavia, con data 31.07.2016.

De acordo coa cláusula 2ª parágrafo 2º do referido prego de condicións, estableceuse que en todo caso, chegado o vencemento do contrato, ou dalgunha das súas prórrogas a Administración Municipal poderá dipoñe-la prórroga obrigatoria do mesmo ata un máximo de SEIS (6) ANOS.

Visto o sinalado anteriormente a concesión administrativa da Xestión Integral do Servicio municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da Estación depuradora de Augas residuais do Concello de Ribadavia, remata o 30 de xullo de 2016, polo que faise necesario co obxecto de manter e garantir dunha maneira axeitada a prestación do servico, propónse ao Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Declarar a prórroga obrigatoria do contrato, todo elo de acordo coa cláusula 2ª do Prego no Prego de Condicións aprobado polo Pleno do Concello con data 28.12.1995, fixándose como data de remate da concesión o vindeiro 30.07.2017, prorrogándose automaticamente ata un máximo de SEIS (6) ANOS, e en todo caso ata que o Concello acorde o modelo de xestión para a prestación do referido servico.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a empresa F.C.C.-Aqualia, concesionario do Servicio municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Ribadavia, os efectos oportunos".

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reserváanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Comun.- Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente a referida proposta".

O Sr. Vázquez López, dí que vai a votar a prol da proposta, xa que entende que é o mellor para que o servico continúe funcionando adecuadamente e durante este tempo deberemos entre todos buscar a mellor solución para o mesmo.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que non lle parece normal que durante un ano non se houbera feito practicamente nada e agora estemos abocados a adoptar este acordo; dí que no programa do seu grupo ía a municipalización de todos os servicos municipais e en concreto o de abastecemento e saneamento cuestión que avala a propia



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

lei de bases de réxime local. Finaliza a súa intervención sinalando que o seu grupo proporia un prazo máximo de 6 meses e a partir dese que fose o concello o que prestase directamente o servicio.

O Sr. Garcia Soto, sinala que o debate de fondo debe ser maior, en concreto municipalización ou externalización, dí que non se sabe cál é o camiño polo que vai a obter o grupo de goberno, polo que o seu grupo vai a votar en contra.

O Sr. Fernández Gil, sinala que estamos a falar dun servicio básico para os veciños; dí que o seu grupo despois de analizar o informe realizado por unha consultoría externa está a prol da xestión indirecta, xa que entende que o Concello non ten nin capacidade técnica nin administrativa para levar axeitadamente o servicio. Finaliza dicindo que está de acordo coa prórroga se ben insta o goberno a que se poña a traballar na elaboración dun prego de cláusulas administrativas e técnicas para convocar o correspondente concurso.

O Sr. Iglesias Sendin, dí que estamos a falar dun servicio básico e obrigatorio, o que se trata coa proposta presentada e que a empresa continúe a prestar o servicio ata que se defina o modelo de xestión; pide a máxima participación dos grupos para determinar o modelo, sinalando que sendo partidario da municipalización haberá que analizar os custes e se o Concello ten capacidade para asumir un servicio tan importante, indicando que para elo encargouse un informe a unha consultoría externa do cál teñen copia todos grupos municipais.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que non é certo que non fixera nada, de feito encargouse un informe externo sobre os custes do funcionamento do servicio, dí que é unha situación complexa e que a veces a ideoloxía vai reñida cos números, indicando que haberá que analizar os pros e os contras e despois decidir. Finaliza dicindo que o acordo que se propón e esixirle a empresa que continúe a prestar o servicio.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, once (P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, dous (B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

8.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non hai mocións de urxencia.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

De seguido o Sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas en tempo e forma por escrito.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- O noso grupo propuxo nos dous Plenos anteriores que desde o Concello de Ribadavia, se solicite con urxencia unha reunión para expoñerlle un plan de mellora do paseo do río Avia e Miño e do seu acceso desde o casco histórico, ás Administracións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, á Deputación Provincial de Ourense, e á Confederación Hidrográfica Miño- Sil.

Pregunta: Queremos saber cal é o estado desta xestión.

Rogo: se reitere dita solicitude ate atopar resposta positiva.

Resposta o Sr. Alcalde: Si se fixeron xestións se ben o caso foi omiso. Nos vindeiros días o Concello comenará a reparación do paseo do Avia.

2º ROGO.- Reiteramos solicitude de paso de Peóns entre a rúa Avenida de Redondela e rúa Eladio Rodríguez .

Pregunta: Iniciouse o proceso para a súa instalación?

Resposta o Sr. Alcalde: Non esta instalado de momento.

3º ROGO.- Así mesmo, solicitamos a sinalización na estrada da Foz, do paso de peóns que neste momento non existe.

4º ROGO.- Unha vez máis continuamos a solicitar que se tomen medidas de protección do camiño do río Avia entre a Veronza e a desembocadura no río Miño, como en reiteradas ocasións o noso Grupo xa ten solicitado, tamén no Pleno pasado. O seu deterioro viuse aumentado polo tránsito excesivo de coches, pois en tramos onde non existiu desborde do río atopase igualmente danado, e continua a deteriorarse.

5º ROGO.- Volvemos a solicitar que se proceda ao selado de seguridade na rede de tubaxe- pozo existente no socalco inferior do parque Robla á altura do camiño que vai á pasarela da Foz. Este pozo- tubaxe atopase tapado moi precariamente e sen medidas de seguridade, supoñendo un foco de perigo para nenos/as.

6º ROGO.- Solicitamos de novo que se leve a cabo unha intervención de limpeza, arranxo, e axardinamento da mesma, arredor das estrutura de pedra da propia pasarela e as súas escaleiras. Debese aproveitar as accións de desbroce efectuadas nas inmediacións da pasarela da Foz, e así ademais solicitamos que despois do desbroce se retire a herba e material vexetal.

7º ROGO.- Solicitamos de novo a limpeza e o arranxo da fonte situada no Parque Robla, que continuamente permanece sucia e en mal estado, de non ser posible este arranxo propoñemos a súa retirada, pois é contraproducente que continúe na mala



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

situación actual. Así mesmo, tamén solicitamos que se proceda a mellora deste parque, xa que é unha das principais vistas visitadas no noso casco histórico desde o mirador da praza Buxán. Solicitamos tamén limpeza da muralla medieval situada nesta altura, pois atopase chea de maleza.

8º ROGO.- Solicitamos de novo limpeza da zona arredor do antigo matadoiro e a ponte de ferro do ferrocarril (Rúa Vendaval), por atoparse esta en mal estado e de suciedade. Solicitamos se proceda tamén a limpeza da sinal de entrada en Ribadavia nesta rúa.

9º ROGO.- Solicitamos a limpeza- substitución da sinalización de estrada do Concello de Ribadavia, alí onde sexa preciso.

10º ROGO.- Solicitamos de novo o asentamento correcto de varias pedras mal colocadas na casco histórico, que abanean, co conseguinte ruído e molestia para a veciñanza, e co risco de que rematen por romper ao paso dun vehículo. Por exemplo, a situada na entrada da praza da Madalena, e varias na rúa extramuros.

11º ROGO.- Solicitamos de novo, como xa fixemos en plenos anteriores, a mellora do entorno da Porta nova, xa que entendemos que o seu estado non é o máis acaído como punto importante de visita turística e de lugar referencial do noso casco histórico. Existe unha importante suciedade na zona onde se atopan os contenedores, así como a acumulación excesiva de coches nesta zona. Propomos a limpeza do solo e o arranxo do camiño que une a rúa extramuros co campo da feira. Así, como a substitución do contenedor de aceites usados. Tamén a instalación dun novo bolardo para evitar que se aparque encima da “beirarrúa”.

12º ROGO.- Solicitamos de novo a limpeza da fachada e parte superior da entrada ao cemiterio municipal, así como a recollida de “contenedores” e outros materiais acumulados na entrada. Solicitamos que se amplíe o horario de apertura no período de cambio do fuso horario, ou cando menos de maio a setembro incluídos, pasando das 19h actuais as 21h.

13º ROGO.- Solicitamos a limpeza da parte traseira do cemiterio municipal así como do Campo da feira. Neste parque están ubicadas un grupo de pedras e restos de obras, solicitamos a súa retirada para unha ubicación máis apropiada.

14º ROGO.- Solicitamos dispoñer das Contas da Feira do Viño 2016, en canto estean dispoñibles.

15º ROGO.- En relación coa vindeira MIT e lembrando as nosas propostas de mellora das instalacións da Casa da Cultura e do Auditorio municipal do Castelo, propoñemos que se realicen melloras no local social da igrexa da Madalena, xa que este vai ser un espazo importante desta edición da MIT. Cando menos se proceda a reparación da porta lateral e da zona de baño-vestiario, así como da limpeza da parte da fachada e de parte do campanario máis afectada por musgo e herba.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

16º ROGO.- Propomos que desde o Concello se fagan as xestións necesarias para a retirada de árbores secas presentes no río Avia e Miño ao seu paso polo noso termo municipal, así propomos se lle traslade esta solicitude á Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

17º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde que se adquiriran desfibriladores para as instalacións deportivas.

18º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde se colocasen dous puntos de luz que faltan na zona do Salto do Cano na Franqueiran.

1ª PREGUNTA.- En relación á solicitude en Plenos anteriores dun Plan de mellora turística de Ribadavia, Preguntamos, si se inciou algunha das propostas. Facendo fincapé na pregunta en dúas propostas do técnico de turismo: por unha banda, habilitar zona de aparcadoiro para buses de grupos de visitantes e turistas, por outra banda, a mellora e intervención no mal estado dos nosos roteiros e sendas para camiñar, así como o seu mantemento e sinalización.

Resposta o Sr. Alcalde: Fixose algunha das propostas, sinalando que probablemente neste mes teremos noticias dalgunha subvención para facer actuacións na zona.

2ª PREGUNTA.- Relacionado co anterior, preguntamos pola situación da xestión desde o Concello respecto das axudas para o arranxo do camiño no río Miño entre Ribadavia- Francelos. Camiño moi concorrido e empregado pola veciñanza, e que en plena tempada estival ten maior importancia, para veciñanza e visitantes.

Resposta o Sr. Alcalde: Nos vindeiros días o Concello comenzará a reparación do paseo do Avia.

3ª PREGUNTA.- En relación á solicitude feita nos dous Plenos anteriores sobre a intervención de arranxo dos camiños da Aldea, no entorno da capela de San Xés, para que se faga de maneira respectuosa coa capela prerrománica existente. Preguntamos, en que situación se atopa este proxecto, e si houbo comunicación ao servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia en Ourense, como Administración competente. Preguntamos si este proxecto está desbotado e /ou cando se contempla a súa intervención nunha zona que require ser arranxada.

Nesta mesma zona, volvemos solicitar que se mellorara a sinalización e panel informativo da capela de S.Xes, así como a colocación dunha papeleira no seu entorno, e a substitución da farola existente (inclinada e en mal estado) na parte de atrás por unha máis de acorde co entorno.

Preguntamos, si se tramitou algunha destas demandas.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Resposta o Sr. Alcalde: Dado que Patrimonio non autorizou o material proposto encargouse un novo proxecto e nos vindeiros días presentarase en patrimonio para a súa autorización e despois tratar de conquistar subvención para facelo.

4ª PREGUNTA.- Despois da solicitude feita polo noso grupo para que se nos proporcione a todos os grupos municipais un espazo de traballo e medios para desenvolver o noso traballo na propia casa consistorial. Esta solicitude foi respondida dicindo que na semana (23-27 maio) teriamos á nosa disposición un local. A día de hoxe (29 de xuño) continuamos sen local nin recursos para desenvolver o noso traballo como concelleiros/as electas de Ribadavia.

Pregunta: que prazos se manexan e cal e a situación desta solicitude?

Resposta o Sr. Alcalde: Probablemente a semana que ven porase a disposición dos grupos municipais.

5º PREGUNTA.- Temos constancia de que no noso termo municipal a Deputación provincial estea a facer labores de mantemento empregando glifosato, tal com se está a facer noutros concellos de Ourense.

Resposta o Sr. Alcalde: No Concello a única estrada provincial é a que vai dende a Foz ata o limite con Concello de Arnoia e a limpeza realiza o Concello en base o Convenio coa Deputación, polo que non temos constancia que se este a facer limpeza doutra estrada con dito produto.

6ª PREGUNTA.- En relación coa Moción aprobada por este Pleno sobre a homenaxe ao derradeiro alcalde Republicano de Ribadavia e ás republicanas ribadavienses, queremos saber cal é o estado da homenaxe aprobada, recordando que o vindeiro 20 de xullo está aprobada a primeira das homenaxes a Benito Gallego Montero coa instalación de placas conmemorativas.

Resposta o Sr. Alcalde: A Concelleira de Cultura é a que está a organizar o tema.

7ª PREGUNTA.- En relación coa entrega neste Concello por parte da Asociación ecoloxista RIDIMOAS do Plan de Recuperación do Galápagos Europeo (sapoconcho común) en Galicia, queremos saber cal é a opinión do goberno municipal sobre o mesmo, das intervencións propostas e da importante repercusión derivadas de ditas intervencións, así como da importancia deste Plan para o noso Concello.

Resposta o Sr. Alcalde: Non ten opinión formada xa que non é experto na materia.

8ª PREGUNTA.- En relación co acordo da Xunta de goberno do 6 de xuño, no punto do Plan Marco, e en relación co Procedemento negociado sen publicidade, preguntamos si este está resolto, e no caso de estar resolto queremos coñecer o nome da empresa beneficiada para a execución de ditas obras.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Resposta o Sr. Alcalde: Invitaronse a varias empresas, presentáronse tres, se ben unha deuselle un prazo para subsanar documentación, cuestión que non fixo, polo que se excluiu, sinando que existe unha proposta da mesa de contratación a prol de Aopil e na Xunta de Goberno do luns estudíase a adxudicación.

9ª PREGUNTA.- Interesalle saber se asistiu alguén do Concello a reunión celebrada o pasado 28 de xuño na sede do GDR Carballiño-Ribeiro.

Resposta o Sr. Alcalde: Di que o procedemento para convocar as reunións non é o email. Di que non asistiu nadie do Concello se ben ten entendido que era unha reunión da xunta directiva e o Concello non forma parte da mesma.

10ª PREGUNTA.- Interesalle saber se está resulta o procedemento convocado para a obra de mellora e adecuación do CRA Amencer.

Resposta o Alcalde: Aínda atopase en trámite de presentación de ofertas.

11ª PREGUNTA.- En relación cunha subvención denegada para equipamento do auditorio da casa de Cultura, interesa saber porque non se foi agrupado co obxecto de obter máis puntuación de acordo con artigo 8 das bases da convocatoria, xa que se así fose podíase haber obtido a subvención.

Resposta o Sr. Alcalde: Non se foi agrupado xa que non había posibilidade.

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO. - Reitera o rogo feito en derradeiros plenos sobre o arranxo das fontes e retirada dos paneis informativos.

2º ROGO.- Rogaría se proceda a retirada do formigón existente entre a Ponte de San Francisco e o Muiño da Raiña.

3º ROGO.- Rogaría se procedese o pintado dos pasos de peóns xa que están en moi mal estado.

4º ROGO.- Na zona do Serralleiro hai un socavon polo que solicita o seu arranxo, así como un bache existente na estrada da Veiga no límite con Concello de Carballeda de Avia.

PREGUNTA.- Interesalle saber a que corresponden dous pagos, un o xulgado de 1ª instancia de Ribadavia e outro a Wolters Kluwers.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Resposta o Sr. Alcalde: O primeiro corresponde a unha debeda que temos coa Sociedade Xeral de Autores e o outro o portal xurídico El Consultor de los Ayuntamientos.

De seguido o Sr. Alcalde aproveita a ocasión para agradecer a intervención do Sr. Concelleiro na obra de Ventosela, tanto como concelleiro e a nivel persoal, indicando que non está reñido estar na oposición con colaborar con equipo de goberno.

Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

ROGO.- Rogaría que se adecentase as inmediacións da fonte sita en San Cristovo.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- O pasado 25 de febreiro aprobouse unha moción para facer un paso de peons nas confluencias das rúas Otero Pedrayo-Martínez Vázquez, dixose que se ía a pedir un informe a policía local e ata agora non se executou o acordo, polo que se solicita que se faga.

2º ROGO.- Os taxistas de Ribadavia teñen presentado un escrito relativo o cambio de ubicación, polo que solicita que se lles conteste ou se teña unha reunión con eles.

3º ROGO.- Rogaríalle que se repoñese a sinal que falta no paso de peons no cruce da estrada da Veiga en San Cristovo.

4º ROGO.- Reitera o rogo de que se coloque adecuadamente o cartel sito no camiño do río Avia cara San Cristovo xa que se atopa o revés.

PREGUNTA.- Interesa saber porque non se asistiu a reunión na Axencia Galega de Turismo para tratar o tema da sinalización das vila termas, xa que ten constancia da invitación via email o 29 de abril e o 11 de maio.

Resposta o Sr. Alcalde: Non lle vale ese medio de comunicación para convocalo a reunións xa que podeselle pasar.

O Sr. Fernández Gil dí que se non lle vale ese medio pide que tampouco se utilice polo Concello e cando se convoquen reunións se fagan por escrito.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os seguinte rogos e preguntas:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1º ROGO.- Visto o informe do responsable de turismo, sinala que na zona de Val de Pereira habia un pantalan o cál unha vez adecentado podíase utilizar para que parase o catamarán que vai a Castrelo de Miño, polo que solicita que se fagan xestións. Así mesmo solicita que se dote a oficina de folletos turísticos.

2º ROGO.- Na fonte de Santo André afundiuse o pozo polo que solicita que se proceda a súa limpeza así como a reparar as restantes do municipio, citando a fonte de que hai o lado do banco Pastor, fonte de dous canos e parque Robla.

3º ROGO.- O lado da oficina do INEN hai unha tapa que fai moito ruído, así como hai un bache na rúa, polo que solicita que se solucionen.

4º ROGO.- Rogaría que se proceda a retirar as ramas do chan que hai na zona de Val de Pereira.

5º ROGO.- Que se proceda a requerir os propietarios dos terreos colindantes co edificio sito na rúa Muñoz Calero para que proceda a limpeza da maleza.

6º ROGO.- Que se proceda a retirada da terra existente na zona do camiño existente na zona de Muñoz Calero.

7º ROGO.- Na zona da Travesía Ribeiro o Sr. Alcalde díxose que faltaba por rematar a obra e despois retirárase o material existente na zona; dí que non se fixo nada polo que roga que se proceda a retirada do material existente.

8º ROGO.- Que se coloque un cartel sinalizando Ribadavia na zona da Estación de Autobuses co obxecto de evitar equivocacións.

9º ROGO.- Reitera que se proceda a retirar o colector de roupa que hai na rúa Progreso xa que está a danar o camelio existente na zona.

10º ROGO.- Que se proceda o arranxo do camiño sito en Esposende que baixa cara o río.

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber cando vai a funcionar o reloxo da Casa Consistorial.

Resposta o Sr. Alcalde: O reloxo funciona o que no funciona son as badaladas, espera que se solucione pronto.

2ª PREGUNTA.- Interesalle saber se subiu o I.B.I. xa que varios veciños lle dixeron que aumentou en relación co ano pasado.

Resposta o Sr. Alcalde: E unha actualización que aplica a Dirección Xeral do Catastro.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Concluído o anterior, ás dez da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*